



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁN

TÍTULO I

NORMAS XERAIS

Capítulo I

Dereito e obrigas cidadáns

Art. 1. *Obxecto.*- É obxecto da ordenanza a regulación da convivencia cidadán e a protección dos lugares e bens de uso público no ámbito das competencias municipais.

Art. 2. *Ámbito de aplicación.*- Serán de aplicación as prescricións da presente ordenanza en todo o territorio que comprende o termo municipal de Barbadás.

Art. 3. *Exercicio de competencias municipais.*- As competencias municipais recollidas na ordenanza serán exercidas polos órganos municipais competentes, que poderán esixir de oficio ou a instancia da parte a solicitude de licencias ou autorizacións; a adopción das medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias; ordenar cantas inspeccións estimen convenientes, e aplicar o procedemento sancionador, en caso de incumprimento da lexislación vixente e/ou desta ordenanza.

Art. 4. *Actuacións administrativas.*- As actuacións derivadas da aplicación da ordenanza axustaranse ás disposicións sobre procedemento, impugnación e, en xeral, réxime xurídico e sancionador que sexan de aplicación.

Art. 5. *Dereitos e obrigas cidadáns.*-

1. A cidadanía ten dereito ó bo funcionamento dos servizos e, en concreto, a que o Concello, a través dos servizos municipais competentes, vixie activamente o cumprimento das normas municipais e outra normativa vixente sobre convivencia cidadán, ou tramite as denuncias que correspondan contra as actuacións que supoñan infracción ás mesmas.
2. No termo municipal, a cidadanía está obrigada:
 - a) A cumprir as normas de convivencia establecidas na normativa vixente e nas ordenanzas e regulamentos municipais, así como as resolucións e bandos da Alcaldía obxecto desta ordenanza.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- b) A respectar e non ensuciar os bens e instalacións públicas y privadas e a respectar e non degradar o entorno medioambiental.
- c) A respectar as normas de acceso e comportamento establecidas nos vehículos de transporte e edificios públicos e, en todo caso, esta ordenanza.

Capítulo II

Licencias e autorizacións

Art. 6. Actividades, instalacións e tramitación de licencias.-

1. Tódalas actividades comerciais ou industriais, así como as instalacións ou actuacións de calquera tipo, a exercer ou emprazarse no ámbito territorial de Barbadás precisarán, sen prexuízo de outras esixibles, autorizacións ou licencias municipais, conforme á normativa vixente.

2. A tramitación de autorizacións realizaranse segundo estipula a normativa municipal ou polas normas de carácter específico vixentes.

TÍTULO II

As normas de convivencia e o cidadán da vía pública

Capítulo I

A convivencia cidadán

Art. 7. *Obxecto.*- O presente regula o uso común e o privativo das avenidas, espacios libres, paseos, rúas, prazas, camiños, pontes, parques, xardíns, fontes y demais bens municipais de carácter público do termo de Barbadás.

Art. 8. *Normas básicas de convivencia e coidado da vía pública.*- Prohíbense as seguintes actividades:

- a) Botar á vía pública calquera tipo de lixo ou residuo que, cando sexan de pequena cantidade, deberán bota-lo ás papeleiras.
- b) Exercer oficios ou traballos; lavar vehículos, así como realizar cambios de aceite ou outros líquidos contaminantes; realizar reparacións ou tarefas de mantemento de



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- calquera clase na vía pública, cando afeen, ensucien, prexudiquen ou molesten na vía pública.
- c) Situar ou deixar abandonado na vía pública calquera tipo de obxecto que supoña algún tipo de risco para as persoas, afee o entorno ou obstrúa o tránsito peatonal e/o rodado.
 - d) Sacudir prendas ou alfombras polos balcóns e fiestras na vía pública.
 - e) Regar nos balcóns e fiestras cando se produzan danos ou molestias a outros veciños. No caso contrario, o horario para o risco será entre as seis e as oito horas pola mañá e entre as vintetrés e a unha horas pola noite.
 - f) Subirse ás fontes públicas e bañarse nas mesmas, así como nos lagos e lagoas dos parques; e botar calquera obxecto o produto ós mesmos.
 - g) Partir leña, prender lume, botar augas ou calquera tipo de líquido e evacuar necesidades fisiolóxicas na vía pública.
 - h) Exender ou servir calquera tipo de bebidas para ser consumidas na vía pública (con vasos non retornables, envases abertos, etcétera), a excepción dos momentos e lugares autorizados previamente, e sempre con envases non retornables.
 - i) Xogar á pelota e ó balón nos lugares onde exista unha prohibición expresa, a través dos carteis informativos colocados polo Concello.
 - j) Fumar ou levar o cigarro prendido nos vehículos de transporte público e nos edificios públicos, fóra dos lugares autorizados.
 - k) Acceder ós edificios e instalacións públicas e en zonas non autorizadas, ou fóra do seu horario de utilización ou apertura.

Capítulo II

Mobiliario urbano, sinalización vial e zonas de recreo

Art. 9. *Instalación de mobiliario urbano, sinalización vial e zonas de recreo.-*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1.É de exclusiva competencia municipal a instalación e mantemento na vía pública de todo tipo de elementos de mobiliario urbano e sinalización vial, así como de árbores, xardíns, parques públicos, sen prexuízo dos elementos existentes en predios particulares.

2.Os/as interesados/as na instalación na vía pública de calquera tipo de valados publicitarios, sinais informativas comerciais ou industriais, de reserva de espacio ou paso, ou elementos de mobiliario urbano, deberán contar coa preceptiva autorización municipal que establecerá os requisitos e condicións de instalación.

3.Os elementos descritos no apartado anterior, que se atopen instalados na vía pública sen autorización municipal, poderán ser inmediatamente retirados polos servizos municipais, que repercutirán posteriormente o seu custo sobre o responsable da dita instalación, sen prexuízo da aplicación do procedemento sancionador que corresponda.

Art. 10. Normas de utilización.-

1. Tódalas persoas están obrigadas a respectar o mobiliario urbano, así como o arboredo da localidade, e as instalacións complementarias, como estatuas, rexa, fontes, proteccións, farolas, postes, sinais, papeleiras, valados e demais elementos destinados ó seu embelecemento, seguridade ou utilidade, absténdose de calquera acto que os poida danar, afear ou ensuciar.

2. As persoas usuarias das instalacións públicas e zonas de recreo, xardíns e parques da localidade, deberán respectar os animais e as plantas, evitar toda clase de despezamentos e sucidades, atender as indicacións contidas nos letreiros e avisos, doutros servizos municipais competentes.

Art.11. *Prohibicións expresas.-* Prohíbense expresamente as seguintes actividades:

- a) Realizar calquera actividade que poida danar o céspede nos parques, parterres e plantacións, salvo nos lugares autorizados.
- b) Facer mal de calquera forma ós animais, subirse ós árbores ou prexudicar ó arboredo e plantacións en calquera outra forma, especialmente cortar ramas e follas, gravar ou raspar a súa codia, verter calquera líquido, aínda que non fose prexudicial nas súas proximidades.
- c) Levar animais soltos e/ou sen bozo, cando sexan de carácter agresivo ou sempre que legalmente estean conceptuados como perigosos.

Art. 12. Utilización de parques, xardíns e outros instalacións.-



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Os nenos/as de idade inferior ós catorce anos de idade poderán circular polos paseos dos parques e xardíns en bicicleta ou con patines sen necesidade de autorización expresa, sempre que a afluencia de público o permita e non causen molestias ós usuarios da zona. O resto de usuarios depoñerán dos carrís bicis, que no seu caso puidesen establecerse, para a utilización deste tipo de vehículos.

2. As instalacións deportivas ou de recreo visitaranse ou se utilizarán nas horas que se indiquen. A súa utilización e aproveitamento é público e de balde, agás para aquelas instalacións que o Concello puidese dedicar a un fin especial, mediante as condicións pertinentes e teñan establecido un prezo de utilización polas ordenanzas municipais.

Capítulo III

Ornato público

Art. 13. *Tendido de roupas e exposición de elementos domésticos.-*

1. Prohíbese o tendido ou exposición de roupas, prendas de vestir e elementos domésticos en balcóns, fiestras, antepechos, terrazas exteriores ou paramentos de edificios situados cara a a vía pública ou cando sexan visibles desde esta. As roupas que se sequen nos patios de luces serán colocadas de forma que non impidan a entrada de luz nas vivendas dos demais veciños e suficientemente escorridas, para evitar mollar a roupa doutras coladas. Excepcionalmente, e sempre que se trate de edificios que pola súa estrutura e distribución non dispoñan de patio de luces ou outro lugar destinado orixinariamente a ser utilizado como tendedeiro, permitírase secar roupas no interior dos balcóns.

2. Prohíbese especialmente a colocación de macetas ou calquera outros obxectos que puideran supoñer riscos para os transeúntes, nas soleiras das fiestras ou balcóns, cando estas carezan da protección adecuada.

Art. 14. *Coidado dos lugares públicos e bens de ornato ou pública utilidade.-* Prohíbense as seguintes actividades:

- a) Pintar, escribir e ensuciar os bens de ornato ou pública utilidade como farolas, beirarrúas, papeleiras, valados y cercados taboleiros municipais, etcétera.
- b) Pegar carteis fóra dos lugares autorizados, exceptuándose da dita prohibición os partidos políticos en períodos electorais e as entidades sociais ante eventos de especial significación cidadán que, en todo caso, estarán obrigados a utilizar cinta adhesiva para a colocación, ó obxecto de facilita-la súa posterior limpeza.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- c) Esparexer e tirar toda clase de follas e outros soportes publicitarios na vía pública .
- d) Colocar carteis, pancartas e elementos publicitarios similares sen autorización municipal.
- e) Facer pintadas sobre elementos estruturais da vía pública, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, muros e paredes, a excepción das realizadas con autorización municipal.
- f) Ocupar espazos públicos para os que non se teñen autorización ou excedendo do autorizado.

Capítulo IV

Infraccións

Art. 15. *Infraccións.-*

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Sacudir prendas ou alfombras polos balcóns ou fiestras á vía pública.
- b) Regar testos ou macetas provocando molestias ós veciños.
- c) Xogar á pelota ou ó balón nos lugares prohibidos.
- d) Subirse ás fontes públicas ou nos lagos, lagoa ou estanques dos parques, ou bañarse nos mesmos.
- e) Tender ou expoñer roupas, prendas de vestir ou elementos domésticos en balcóns, fiestras, antepechos, terrazas exteriores ou paramentos de edificios situados cara a a vía pública ou cando sexan visibles desde estas, agás as excepcións contempladas nesta ordenanza.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) Fumar ou levar o cigarro acendido nos vehículos de transporte público e nos edificios públicos, fóra dos lugares autorizados.
- b) Entrar o permanecer nos edificios e instalacións públicas, en zonas non autorizadas ou fóra do seu horario de utilización ou apertura.
- c) Partir leña, acender lume, botar augas sucias e evacuar necesidades fisiolóxicas na vía pública.
- d) Exercer oficios ou traballos, cambiar o aceite ou outros líquidos dos vehículos ou lavalos, realizar reparacións ou tarefas de mantemento de calquera clase na vía pública, que a poidan afear ou ensuciar.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- e) Exender ou servir calquera tipo de bebida para ser consumidas na vía pública, a excepción dos lugares ou momentos autorizados, en envases non retornables.
 - f) Realizar calquera actividade que poida danar o céspede ou as plantas nos parques, parterres e plantacións, así como calquera acción que poda deteriora-las plantas, as flores ou os froitos, ou subirse ó arboredo.
 - g) Botar obxectos ou productos ás augas das fontes, estanques, lagos ou lagoas.
 - h) Levar animais soltos ou sen bozo, cando exista esta obrigaón segundo o establecido por esta ordenanza.
 - i) Danar o mobiliario urbano, así como a utilización deste con fins particulares, que impidan u obstaculicen o seu uso público, incluída a modificación da súa asentamento orixinal; a utilización non autorizada polo Concello das bocas de rega; a utilización indebida ou o troco da asentamento dos colectores de residuos, salvo autorización expresa do Concello.
 - j) Pintar, escribir ou ensuciar os bens de ornato ou pública utilidade descritas anteriormente, así como espaxer ou botar follas ou similares, pegar carteis fóra dos lugares autorizados, agás as excepcións recollidas na ordenanza, e facer pintadas sen autorización expresa co Concello.
 - k) Colocar carteis, pancartas e elementos publicitarios similares, sen autorización municipal.
 - l) Cometer tres faltas leves no prazo de doce meses.
3. Constitúen infraccións moi graves:
- a) Os actos que supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ó exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas, ó normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato público sempre que se trate de conductas non subsumibles nos tipos previstos no artigo IV da Lei Orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadán.
 - b) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización.
 - c) O impedimento ou a grave e relevante obstrucción ó normal funcionamento dun servizo público.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- d) Os actos de deterioro grave e relevante de equipamento, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servizo público.
- e) O impedimento do uso dun espacio público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
- f) Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadán.
- g) Colocar na vía pública obxectos que obstrúan gravemente o tránsito peatonal e rodado e sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da normativa de seguridade vial.
- h) Danar de calquera forma ós animais ou danar gravemente as plantas, o arboredo ou o mobiliario urbano.
- i) Colocar macetas ou outros obxectos que puideran supoñer risco para os transeúntes nas soleiras das fiestras ou balcóns, cando estes carezan da protección adecuada.
- j) Cometer tres faltas graves no prazo de doce meses.

TÍTULO III

Normas sobre a limpeza dos espazos públicos

Art. 16. *Obxecto e normas xerais.-*

1. O presente título ten por obxecto regula-las actividades dirixidas á limpeza dos espazos urbanos e a recollida dos residuos.

2. Considerase como residuos urbanos ou municipais os definidos na norma vixente.

3. a limpeza da rede viaria pública e a recollida dos residuos procedentes da mesma realizaranse polos servizos municipais coa frecuencia necesaria e a través das formas de xestión que acorde o Concello.

Capítulo I

Limpeza da rede viaria e outros espazos urbanos

Art. 17. *Persoas obrigadas á limpeza.*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Corresponderá ós titulares dos locais de negocios emprazados na planta baixa a limpeza da beirarrúa que corresponda á súa parte de fachada, dos residuos xerados pola súa actividade.

2. A limpeza das rúas que non sexas de dominio público deberá levarse a cabo pola propiedade, así como os patios de luces, patios de mazá, zonas comúns, etcétera.

3. A limpeza de solares e outros terreos de propiedade particular que se atopen no solo urbano corresponderá á propiedade, sen menoscabo do cumprimento doutras obrigacións de carácter urbanístico.

Art. 18. Execución forzosa e actuación municipal.-

1. Ante o incumprimento das obrigacións de limpeza establecidas anteriormente, e con independencia das sancións a que houbera lugar, o Concello poderá requirir á propiedade a súa realización a través do procedemento de execución forzosa.

2. Transcorrido o prazo marcado sen executa-lo ordenado, a limpeza levarase a cabo polo Concello, con cargo ó obrigado a través do procedemento de execución subsidiaria.

Capítulo II

Medidas a adoptar por determinadas actividades

Art. 19. *Quioscos, terrazas e outras actividades de ocio.-*

1. Quen están ó fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública están obrigados a manter limpo o espacio no que desenvolvan a súa actividade e a súas proximidades, durante todo o horario en que realicen a actividade, deixándoo limpo unha vez finalizada esta.

2. A mesma obrigación correspondente ós titulares de cafés, bares, en cuanto á superficie que se ocupe con veladores, cadeiras, etcétera, incluíndo a beirarrúa correspondente á totalidade da lonxitude da fachada.

2. Os/as titulares dos establecementos deberán instalar pola súa conta e cargo a papeleiras necesarias para favorecer a recollida dos residuos que xeren as súas respectivas actividades.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

Art. 20. *Limpeza e coidado das edificacións.*- A propiedade das fincas, vivendas e establecementos está obrigada a manter limpa a fachada e as diferentes partes dos edificios que sexan visibles dende á vía pública.

Art. 21. *Limpeza de escaparates e outros elementos.*-

1. Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, etcétera, de establecementos comerciais tomaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes nin ensuciar a vía pública, retirando os residuos resultantes.

2. Iguais precaucións deberán adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas.

Art. 22. *Carteis e anuncios nas fachadas.*-

1. A propiedade ou quen detente a titularidade dos inmobles coidarán de manter limpas as súas paredes e fachadas de calquera tipo de cartel ou anuncio que non estr autorizado.

2. Unicamente permitirá a colocación de carteis e anuncios que están autorizados a través da preceptiva licenzia municipal.

3. O Concello disporá de espazos reservados para a súa utilización como soportes publicitarios por as entidades políticas e sociais.

Capítulo III

Infraccións

Art. 23. *Infraccións.*-

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Non cumprir ocasionalmente as obrigacións de limpeza da parte da vía que lles corresponda, establecidas para os propietarios dos edificios ou locais, dos residuos que a sus actividade xere.
- b) Non cumprir ocasionalmente as obrigas de limpeza da parte da vía ou zona que lles corresponda, establecidos para os/as titulares de quioscos, postos, terrazas, veladores, etcétera.
- c) Non poñer as debidas precaucións para evitar ensucia-la vía pública e non causar molestias ós transeúntes ó realiza-la limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, etcétera, de establecementos comerciais.
- d) Non manter limpas a súas paredes fachadas de calquera tipo de cartel ou anuncio que non estea autorizado a propiedade o titularidade dos inmobles.

2. Constitúen infraccións graves:



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- a) Non cumprir reiteradamente as obrigacións de limpeza da parte da vía que lles corresponda, establecidas para a propiedade dos edificios ou locais.
 - b) Non cumprir reiteradamente as obrigas de limpeza da parte da vía ou zona que lles corresponda, establecidas para os titulares de quioscos, postos, terrazas, veladores, etcétera.
 - c) Cometer tres faltas leves no prazo de doce meses.
3. Constitúen infraccións moi graves:
- a) Colocar carteis e anuncios nas fachadas, ou onde calquera outro lugar dos edificios que resulte visible dende a vía pública, sen contar coa preceptiva licencia municipal.
 - b) Cometer tres faltas graves no prazo de doce meses.

TÍTULO IV

Tratamentos dos residuos

Capítulo I

Residuos

Art. 24. *Recollida dos residuos urbanos.-*

1. A recollida de residuos urbanos ou municipais será efectuada polos servizos municipais coa frecuencia e horario necesarios, dándose a publicidade necesario para o coñecemento dos veciños.

2. Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte, e/ou recuperación dos residuos urbanos, sen a previa concesión ou autorización municipal.

Art. 25. *Locais para o almacenamento de residuos.-* Toda nova edificación, con máis de unha familia ou destinada a usos non residenciais dispoñerá, en aplicación da normativa vixente, dun local e colectores adecuados coa capacidade e dimensións apropiados para o almacenamento dos residuos.

Art. 26. *Residuos domiciliarios.-*

1. Considéranse residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica e aqueles asimilables en aplicación da normativa vixente.

2. O Concello disporá, distribuídos por determinadas zonas, colectores específicos para a recollida selectiva, facilitando a recuperación dos residuos.

Art. 27. *Depósito dos residuos.-*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Os residuos domiciliarios e asimilables a urbanos autorizados depositaranse nos horarios establecidos e nos lugares, recipientes e colectores dispostos polo Concello ó seu fin, con obriga expresa por parte dos veciños e comerciantes a pregar e introducir as caixas de cartón nos colectores apropiados.

2. Nos supostos de que o seu volume fágao necesario, as caixas de cartón ou outros envases deberán trasladarse polo interesados ó Punto Limpo Municipal, ou producirse a xestión directa por parte do produtor ás súas expensas.

3. A veciñanza deberá facer bo uso dos colectores, depositando exclusivamente os residuos sólidos urbanos, con exclusión de líquidos, escombros, aparellos, animais mortos, etcétera, e materiais en combustión..

4. Os residuos depositaranse no colector en bolsas de plástico, hermeticamente pechadas, aproveitando a súa capacidade, rompendo os obxectos que sexa posible antes de depositalos.

5. A excepción de aqueles que son propios, ningún tipo de residuos poderá ser evacuado a través da rede de sumidoiros.

Art. 28. *Residuos comerciais e industriais.-*

1. Nos mercados, galerías de alimentación, supermercados, bares, restaurantes, etcétera, a retirada dos residuos establecerase de maneira especial, estado obrigados os seus titulares ó varrido e limpeza das zonas de aportación.

2. As persoas e empresas produtoras ou posesoras de residuos industriais están obrigadas a realizar cantas operacións de xestión marque a lexislación vixente para cada tipo de residuos, como recollida, transporte, almacenamento, clasificación, valoración e/ou vixilancia.

3. Cando así proceda polo volume ou tipo de residuo, a propiedade ou titularidade das industrias estará obrigada a xestionar os seus residuos asimilables a urbanos, por mesmos e ás súas expensas, por indicación expresa do Concello.

Art. 29. *Terras y escombros.-*

1. Os residuos de construción e demolición deberán ser xestionados polos produtores de acordo á normativa vixente.

2. Os/as produtores/as transportistas dos residuos de demolicións construción están obrigados a obter as licencias que corresponda, así como os permisos para a produción, transporte e eliminación de estes.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

3. O Concello asume a recepción e xestión dos residuos xerados por pequenas obras de reparación domiciliaria realizadas polos veciños, que deberán transportalos ata o vertedoiro polos seu propios medios, Este dereito non será aplicable ós residuos de obras realizadas por empresas ou profesionais.

Art. 30. *Mobles, aparellos y obxectos inútiles.*

1. Prohíbese depositar nos espazos públicos mobles e obxectos inútiles, salvo nos lugares, datas e horarios autorizados polo Concello.

2. Incluso en ditos lugares e momentos, cando a cantidade de residuos a depositar así o faga adecuado segundo a valoración realizada polos servizos municipais, o depósito deberá realizarse polos interesados no Punto Limpo, polos seus propios medios e a súa costa.

3. Fóra dos lugares e momentos autorizados, este tipo de obxectos poderán ser depositados nos Puntos Limpas polos interesados, polos seus propios medios e a súa costa.

Art. 31. *Restos vexetais.-*

1. Os restos vexetais do coidado de xardíns xerados por particulares, sempre que supoñan unha pequena cantidade, poderán se depositados nos lugares, recipientes e colectores destinados ós residuos sólidos urbanos e de forma análoga a estes.

2. Os restos de desbroces podas, segas, etcétera, de gran volume, deberán comunicarse antes da súa produción ós servizos municipais, que indicarán o procedementos de eliminación, podendo indicar o seu traslado por medios propios e ás súas expensas ó Punto Limpo ou a Planta de Tratamento.

3. Os/as xeradores/as de residuos vexetais, que o sexan de forma habitual e significativa, deberán dispoñer de colectores adecuados, quedando obrigados a depositalos e a retiralos dos lugares indicados polo Concello.

Art. 32. *Animais mortos.-*

1. Prohíbese terminantemente abandonar nas vías ou lugares públicos cadáveres de animais, así como botalos ós colectores destinados á recepción de residuos, incineralos ou enterralos en calquera lugar, fóra dos lugares expresamente autorizados.

2. Cando se produza a morte dun animal doméstico, o seu propietario deberá contactar coa Concellería de Medio Ambiente que lle dará, en cada caso, as indicacións oportunas



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

para que a recollida, transporte e eliminación do cadáver se produza nas condicións hixiénicas adecuadas e segundo o establecido na lexislación vixente.

Art. 33. *Excrementos de animais.-*

1. As persoas que acompañen ós seus animais están obrigadas a recoller os excrementos que depositen en calquera lugar da vías ou lugares públicos, e de maneira especial, en zonas de recreo infantil e en zonas de estancia ou paso.

2. Cando os excrementos dos animais queden depositados nas beirarrúas, paseos xardíns e en xeral, en calquera lugar destinado o tránsito de peatones ou xogo infantil, deberán ser recollidos polos propietarios ou persoas que os conduzan e depositados nun colector de lixo, encerrados nunha bolsa de plástico.

Art. 34. *Abandono de vehículos.-*

1. Prohíbese terminantemente o abandono de vehículos nas vías e lugares públicos.

2. A autoridade municipal poderá presumir razoablemente que un vehículo se atopa en situación de abandono nos seguintes casos:

- a) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fora depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seu propios medios ou lle falten as placas de matrícula. Neste caso, terán o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa correspondente. No suposto contemplado no apartado a) e en aqueles vehículos que aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no máximo de quince días retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que, en caso contrario, procederase o seu tratamento como residuo sólido urbano.

3. A veciñanza de Barbadás poderá ceder os vehículos coia propiedade xa non lles interese o Concello, que en tales supostos realizará directa e gratuitamente os trámites oportunos para a súa baixa na Xefatura Provincial de Tráfico, a excepción de aqueles que tiveran cargas pendentes que legalmente o impidan.

Art. 35. *Outros residuos.-*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Os residuos xerados no termo municipal que non teñan a consideración de urbanos ou municipais deberán ser xestionados polos seus responsable, atendendo á normativa legal que corresponda en cada caso.

2. Nestes supostos ó Concello corresponderá realiza-las inspeccións oportunas e denunciar as infraccións que se observen.

Capítulo II

Infraccións

Art. 36. Infraccións.

1. Constitúen infraccións leves:

- a) Depositar residuos domiciliarios e asimilables a urbanos sen respectar os horarios establecidos.
- b) No varres o limpar as zonas de recollida de residuos, os titulares de mercados, galerías de alimentación, supermercados, bares, restaurantes, etcétera.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) Deposita-los residuos domiciliarios ou asimilables a urbanos fóra dos lugares, recipientes e colectores dispostos polo Concello.
- b) Depositar nos colectores líquidos, escombros e/ou aparellos.
- c) Depositar nos espacios públicos mobles e obxectos inútiles, fóra dos lugares, datas e horarios autorizados polo Concello.
- d) Evacuar calquera tipo de residuo non autorizado a través da rede de sumidoiro.
- e) Non recoller os excrementos depositados nos lugares polos animais, non encerralos nunha bolsa de plástico ou bótaos nun lugar no adecuado.
- f) Cometer tres faltas leves no prazo de doce meses.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a) Efectua-la recollida, o transporte e/ou a recuperación dos residuos urbanos sen a previa concesión ou autorización municipal.
- b) Abandonar vehículos nas vías e lugares públicos.
- c) Abandonar nas vías ou lugares públicos cadáveres de animais, así como botalos ós colectores destinados á recepción de residuos, incineralos ou enterralos en lugares non expresamente autorizados.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- d) Depositara nos colectores para residuos materiais en combustión
- e) Abandonar na vía pública ou nos colectores os restos de desbroces, podas, segas, etcétera, de gran volume.
- f) Non realiza-los produtores ou posuidores de residuos industriais, as operacións de xestión a que lles obrigue a lexislación vixente para cada tipo de residuos, como recollida, transporte, almacenamento, clasificación, valoración e/ou vixilancia.
- g) Depositara nas vías ou lugares públicos colectores para escombros ou material de construción sen a preceptiva autorización municipal
- h) Cometer tres faltas graves no prazo de seis meses.

TÍTULO V

Molestias por ruidos e vibracións

Capítulo I

Ruidos relativos ós animais domésticos

Art. 37 *Prohibicións expresas.*- Prohíbese, dende as vintedous ata as oito horas e entre as quince e as dezasete horas, deixar en patios, terrazas, galerías e balcóns, animais que con seus sons, gritos ou cantos perturben o descanso dos veciños.

Nas demais horas tamén deberán ser retirados polos seus propietarios ou encargados cando sexan especialmente ruidosos e notoriamente ocasionen molestias ós demais ocupantes do inmovible ou ós das casas veciñas.

Capítulo II

Ruidos de instrumentos e aparatos musicais

Art. 38. *Preceptos xerais e prohibicións.*-

1. Establécense as seguintes prevencións:



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- a) Os usuarios de receptores de radios, televisión, cadeas de música e /ou calquera outros instrumentos musicais, no propio domicilio deberán axusta-lo seu volume, ou utilízaos en forma que non excedan os niveis legalmente establecidos. Incluso en horas diúrnas axustarase ós límites establecidos para as nocturnas cando calquera veciño lles formule esta solicitude por ter enfermos no seu domicilio ou por calquera outra causa notoriamente xustificada (épocas de exames, descanso por traballo nocturno, etcétera.)
 - b) Os ensaios y reunións, musicais, instrumentais ou vocais, de bailes ou danza e as festas en domicilios particulares, regularanse polo establecido no apartado anterior.
 - c) Prohíbese na vía pública, en vehículos de transporte público e en zonas de pública concorrencia, accionar aparatos de radio e similares e tocar instrumentos musicais, incluso dende vehículos particulares, cando superen os límites máximos legalmente establecidos.
 - d) A actuación de artistas rueiros ou en outros lugares públicos está sometida ó permiso previo municipal e, en todo caso, producirase ó volume adecuado para non producir molestias ás persoas usuarias.
 - e) Prohíbese emitir por altofalantes, dende comercios ou vehículos, mensaxes publicitarios e actividades análogas sen autorización municipal previa. Excepcionalmente, poderán permitirse este tipo de actividades cando discorran campañas electorais ou actos públicos de formacións políticas e movementos sociais.
2. Precisarás comunicación previa ó Concello, sempre que non se produzan no domicilio de persoas físicas e cando nos mesmos se utilicen instrumentos ou aparatos musicais, ou cando a concorrencia de numerosas persoas poida producir molestias por rúidos e/ou vibracións a organización de festas, bailes ou outras actividades similares, que se atenderán ó horario establecido e ás indicacións pertinentes, no se caso.

Capítulo III

Infraccións

Art. 39. Infraccións



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Constitúen infraccións leves:

- a) provocar molestias á veciñanza, ó accionar a alto volume aparatos de radio e similares, ou tocar instrumentos musicais na vía pública, en zonas de pública concorrencia, en vehículos de transporte público ou dende vehículos particulares.
- b) Deixar en patios, terrazas, galerías y balcóns, animais que cos seus sons, gritos ou cantos perturben o descanso da veciñanza, entre as vintedúas e as oito horas, ou incluso fóra destes horarios cando sexan especialmente ruidosos e notoriamente ocasionen molestias ós demais ocupantes do inmovible ou ós das casas veciñas.
- c) Provocar molestias á veciñanza por utilizar no domicilio receptores de radio, televisión, cadeas de música e/ou calquera outros instrumentos musicais ou acústicos a alto volume durante as horas nocturnas, ou incluso en horas diúrnas canda calquera veciño ou veciña formule esta solicitude, por existir enfermos na casa ou por calquera outra causa notoriamente xustificada.

2. Constitúen infraccións graves:

- a) A reiteración en tres veces no período de vinte e catro horas de calquera das infraccións consideradas como leves no apartado número 1.
- b) Cometer tres faltas leves no prazo de doce meses.

3. Constitúen infraccións graves:

- a) Emitir por altofalantes, dende comercios ou vehículos mensaxes publicitarias e actividades análogas sen autorización municipal previa. Excepcionalmente, poderán permitirse este tipo de actividades cando discorran campañas electorais ou actos públicos de formación políticas e movementos sociais.
- b) Cometer tres faltas moi graves no prazo de doce meses.

TITULO VI

Mendicidade

Art. 40. *Exercicio da mendicidade.-*



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Ó entender que corresponde ós poderes públicos garantir as necesidades básicas dos cidadáns que carezan de recursos, no se permitirá dentro do termo municipal o exercicio da mendicidade, incluso o encuberto mediante o ofrecemento de supostos servizos.

2. Cando a Policía Local comprobe a implicación de menores no exercicio da mencionada actuarán de acordo co disposto nas leis penais, co principal obxectivo de protexer ó menor.

3. A Policía Local impedirá o exercicio desta actividade, informará a quen a practiquen dos recursos sociais existentes e requisará os artigos ou efectos que se utilizaran na mesma.

TÍTULO VII

Réxime sancionador

Art. 41. Tipificación de infraccións.-

1. Constituirán infracción administrativa os actos e omisións que contraveñan as normas contidas nesta ordenanza, así como a desobediencia ós mandatos de establecer as medidas preventivas, correctoras e reparadoras sinaladas, ou de seguir determinada conducta en relación coas materias que esta regula.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Art. 42. Sancións.- Con carácter xeral establécense as seguintes sancións ás infraccións á ordenanza:

- a) Para as infraccións leves: multa de 60 euros a 300 euros.
- b) Para as infraccións graves: multa de 301 euros a 1.202 euros.
- c) Para as infraccións moi graves: multa de 1.203 euros a 3.000 euros.

Art. 43. Graduación das sancións.- Para graduar as sancións, ademais das infraccións obxectivamente cometida terase en conta de acordo ó principio de proporcionalidade:

- a) A intencionalidade.
- b) Os danos producidos ós bens públicos ou privados.
- c) A reincidencia na comisión de faltas.
- d) O grado de participación na comisión u omisión.
- e) A transcendencia para a convivencia cidadá.

Art. 44. Resarcimento e indemnización.-



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

1. Se as condutas sancionadas causaran danos ou prexuízos prexuízo ó Concello, a resolución do procedementos poderá declarar:
 - a) A esixencia á persoa infractora da reposición ó seu estado orixinario da situación alterada pola infracción.
 - b) A indemnización polos danos e prexuízos causados, cando a súa contía quedara determinada durante o procedemento.
2. Cando non concorran as circunstancias previstas na letra b) do apartado anterior, a indemnización polos danos e prexuízos causados se determinará mediante un procedemento complementario, cuxa resolución será inmediata executiva. Este procedemento será susceptible de terminación convencional, pero nin esta nin a aceptación polo infractor da resolución que puidera recaer implicará o recoñecemento voluntario da súa responsabilidade. A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

Art. 45. *Substitución das sancións por traballos para a comunidade.* Cando o carácter de infracción e (ou os danos producidos ó Concello fágano adecuado e propia solicitude dos/as interesados/as, a autoridade municipal poderá resolver a substitución da sanción e/ou indemnización por traballos en beneficio da comunidade directamente relacionados no tipo de infracción cometida.

Art. 46. Procedemento sancionador.- O procedemento sancionador da ordenanza rexerese polo establecido no Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento di Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Á aprobación deste ordenanza quedarán derogadas as ordenanzas municipais na materia agas agora vixentes en canto se opoñan ou a contradigan.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor cando, publicado integramente o seu texto no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O ALCALDE